



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA UN DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E SEIS (9/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás 12 horas e 24 minutos do día un de abril de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 25 de marzo de 2026
2. Non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) "POS+2026"
3. Aprobación da relación de facturas núm. 022XOISU/2026
4. Axuda natalidade
5. Asuntos de urxencia

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 25 DE MARZO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 25 de marzo de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección por **UNANIMIDADE** dos presentes.

2. NON DIVISIÓN EN LOTES DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2026"

A Sra. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

"NON DIVISIÓN EN LOTES DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2026"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver os requirimentos formulados sobre o Plan POS+ 2026 e o resto de documentación do expediente núm. 2025/A008/000020 de solicitude do Plan Único concellos, POS+2026, as Bases reguladoras, proxectos e restante documentación e tendo en conta que a competencia para contratar estas obras corresponde á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno ou Alcaldía segundo os seus importes, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Non dividir en lotes os investimentos obxecto dos proxectos que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2026 cos datos que se indican:

Denominación dos investimentos	Orzamento de contrata
MEJORA DE CAMINO EN VITE, PARROQUIA DE QUEIXEIRO	95.122,89
REHABILITACIÓN DE LA ESCUELA UNITARIA DE XIAO PARA ALBERGAR UN PROGRAMA DE VIVIENDA UNIFAMILIAR	241.984,51
MEJORA PAVIMENTACIÓN EN LAS PARROQUIAS DE SAN FIZ, VAL XESTOSO Y ALTO XESTOSO	119.011,50

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE número 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación: (indicar as causas técnicas, económicas, xurídicas ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes.

Que segundo consta no informe do Técnico, contratado para o efecto, Antonio López Rodríguez, as obras executaranse nun so lote xa que pola contra incrementaríase o número de expedientes de licitación que o Concello tería que realizar, co conseguinte custo e tempo e de recursos persoais e materiais

O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 022XOISU/2026

A Sra. Secretaria-Interventora informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a factura incluída na relación delas n.º 022XOISU/2026, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, tramitado para a súa aprobación con omisión da función interventora na contratación á que se refire o gasto a recoñecer e no que se pronuncia nos termos e co alcance do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, e considerando que consta acreditado que a subministración á que se refire está realizada e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender o gasto correspondente para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, o que o xustifica de maneira motivada, que se dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlle fronte, que descoñecía a necesidade de fiscalización previa e que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello por incumprir a obriga ao seu cargo, nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, e, polo tanto, que concorren razóns de interese público, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Coñecer e resolver a omisión de fiscalización acontecida, continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar a obriga correspondente ao gasto que contén a relación de facturas que se indica a continuación, ao que se presta aprobación, e acumular nun só acto as tres fases de execución do gasto ás que se refire o art. 67.1.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento ao dito acredor e a súa contabilización con cargo á aplicación orzamentaria que nela se indica:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	022XOISU/2026
Importe total	6.128,09€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro de Facturas da Factura	F/2026/549

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

4. AXUDA NATALIDADE

A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente, da documentación acreditativa achegada, das comprobacións realizadas, e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONCESIÓN DE AXUDA AO FOMENTO DA NATALIDADE

Unha vez examinada a solicitude presentada no Rexistro de Entrada deste Concello o 12-03-2026, núm. 20260000000155, que figura no expediente 2026/A003/000003, e a documentación que se lle achega para xustificar o cumprimento dos requisitos para a concesión das axudas para o fomento da natalidade que establece a ordenanza municipal vixente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Conceder a axuda que establece a Ordenanza municipal reguladora do fomento da natalidade do Concello de Monfero, aprobada polo Pleno da Corporación o 25 de outubro de 2011 e publicada no BOP núm. 247, correspondente ao día 29 de decembro de 2011, ao nacemento ao que se refire o expediente núm. 2026/A003/000003, por importe de 1.500,00 euros, e proceder ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo beneficiario. O nome e apelido do/a nado/a, que, entre outros datos, non se fai constar neste acordo para respectar o dereito á intimidade e á protección de datos, por considerar que non é estritamente necesario, responde as seguintes iniciais: B.D.P.

En Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

5. ASUNTOS DE URXENCIA

Non hai

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e trinta e seis minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certífico.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)